

GRAZAS AO TRABALLO DE ADEGA O RIO TÁMEGA A SALVO

ADEGA-Ourense vén traballado dende maio de 2005 a prol da protección do río Támeга e en contra do proxecto de ampliación do polígono industrial de Pazos (Verín) que afectaría a un dos mellores bosques fluviais da comarca de Monterrei. En 1999 a Unión europea declara provisionalmente as zonas propostas para a súa inclusión na Rede Natura 2000, entre a que se incluía o Lugar de Importancia Comunitaria (L.I.C.) do río Támeга. En Decembro de 2004 confírmase, por Decisión da Comisión europea, o LIC "Río Támeга" cunha superficie de 718,76 ha. Goza este espazo, por tanto, da máxima protección tanto no ámbito autonómico, estatal e europeo. Ademais, conta coa protección e as restricións que impón a Lei de Augas e o Plano Hidrolóxico, por tratarse dunha zona fluvial, na súa maior parte, de dominio público hidráulico e de policía a restante.

O LIC está enclavado no límite das rexións bioxeográficas atlántica e mediterránea con fauna e flora de ambas as dúas rexións asociadas ao seu curso fluvial e lagoas circundantes. O anterior goberno da Xunta tiña aprobado o proxecto para facer unha conexión do polígono industrial de Pazos a través dun vial de acceso coa N-532 (Verín-Feces de Baixo) atravesando o río Támeга e o espazo protexido da zona LIC. O tramo do río Pazos-Queizás forma un ensanchamento que é coñecido como o "Bosque do Pracer", unha zona asulagábel cunha superficie de 46 ha. cuberto cunha densa capa arbórea, variada, a modo de illa verde en medio dunha chaira cultivada e desarborada de cinco mil has.

O polígono de Pazos ten unha superficie dunhas 11 ha. e apenas se desenvolveu nos seus máis de vinte anos de historia contando cunha ducia de empresas, parte delas instalacións institucionais. Ten dificultades de acceso e saída sendo un claro exemplo de invertebración do territorio. O proxecto da anterior XESTUR de ampliación do polígono ata 26 ha. sería ilegal por afectar a integridade do LIC e a un muiño catalogado como Ben de Interese Cultural, "O muiño do Pracer", con dous escudos vencellados ao Castelo de Monterrei.

Cando, no mes de maio de 2005, ADEGA-Ourense chega a ter coñece-

Xaquín Soliño



mento do caso, puxémono a traballar arreo xunto con veciños/as de Verín e o primeiro que fixemos foi organizar unha concentración simbólica diante do Concello co fin de trasladar a atención do problema cara aos dirixentes que forman o goberno tripartito de Verín (PSOE-BNG-Independentes). Demos comezo, entón, a unha segunda fase, laboriosa en negociacións, de explicacións do que significa a Rede Natura, que culminaron coa decisión tomada pola Conselleira de Vivenda e Solo de paralizar o proxecto de ampliación do Polígono de Pazos e de apostar por unha alternativa de construción dun novo Polígono en Tamagos, ao carón dos excelentes accesos tanto á A-52 como á nova autovía Verín-Feces que se vai construír proximamente.

Algúns empresarios do Polígono non entenderon, ou non quixeron entender ben as explicacións ofrecidas, da estricte normativa ambiental que afectaba ao espazo circundante co Polígono e, quizais, movidos por escuros intereses espúreos,

convocaron actos de protesta e manifestación polas rúas de Verín. Mais, malia as presións empresariais, a decisión é firme e satisfactoria para a defensa do medio ambiente; o polígono non se ampliará e o espazo do río Támeга queda a salvo, grazas ao traballo e esforzo de moitas persoas e organizacións (llembramos os oportunos informes técnicos da SGHN) que fixeron un esforzo solidario para o ben da nosa Terra e da nosa natureza.

Resta, agora, demandar que a Consellaría de Medio Ambiente faga un plano de recuperación e restauración das zonas degradadas do LIC "Río Támeга", actuando de inmediato sobre a pista de recheo que se fixo hai vinte anos que formaba parte, xa daquela, do proxecto de facer un vial que atravesase o río Támeга para dar uns mellores accesos ao Polígono de Pazos e que constitúe unha barreira artificial a xeito de muro infranqueábel para a circulación das augas da zona asulagábel.

Eduardo Castro e Xan Carlos Fernández

OPINIÓN NA GALIZA SOBRE DESENVOLVEMENTO SUSTENTÁBEL

A cidadanía galega considera posíbel o desenvolvemento sustentábel e recoñece o compromiso dos colectivos ecoloxistas co mesmo, entendido este como "a procura do benestar humano preservando o contorno". Estas conclusións tíranse dunha enquisa realizada para o Informe Ardora 2005, promovido pola factoría de Vigo de PSA Peugeot Citroën.

Nunha escala de 0 (nada comprometido) a 10 (moi comprometido) os colectivos ecoloxistas reciben un 7, as organizacións non gobernamentais en xeral un 6,7 e os medios de información un 5,5. Pola contra, os sindicatos (4,6), a Administración (4,4),

as empresas (4) e as forzas políticas (3,8) non chegan ao aprobado.

O 73 % dos entrevistados coidou que o desenvolvemento sustentábel é alcanzábel, fronte ao 17,8% que o considera necesario pero imposíbel e o 1,3% que o ve como imposíbel e innecesario. Porén, o compromiso co desenvolvemento sustentábel é valorado maioritariamente como débil ou moi débil, máis a nivel mundial, e español e galego, que a nivel europeo. A contaminación e a ameaza do cambio climático son considerados problemas planetarios máis acuciantes que as guerras e a fame.